

GRAND TOUR

[Grand Tour, Miguel Gomes
2024, Portugal-Italia-Francia, 129 min., VOSE]

Lingua **Portugués, chinés, tailandés, francés,
birmano, vietnamita, filipino, xaponés**

Dirección **Miguel Gomes**

Guión **Mariana Ricardo, Telmo Churro, Maureen Fazendeiro, Miguel Gomes**

Montaxe **Telmo Churro, Pedro Filipe Marques**

Fotografía **Gui Liang, Sayombhu Mukdeeprom, Rui Poças**

Son **Li Kelan, Miguel Martins**

Elenco **Crista Alfaiate, Gonçalo Waddington, Jani Zhao, João Pedro Vaz, Teresa**

Madruga, Manuela Couto, Lang Khê Tran, Diogo Dória, Cláudio da Silva

Produtora **Uma Pedra no Sapato, Vivo Film, Shellac Films, Cinémadefacto,**

The Match Factory (Portugal)

Distribución **Avalon**

1917, Birmania. Edward é un funcionario do Imperio Británico destinado en Rangún. Ante a inminente chegada de Molly, a súa prometida, entra en pánico e foxe. Durante a súa viaxe, non obstante, o pánico deixa paso á melancolía. Contemplando o baleiro da súa existencia, o covarde de Edward pregúntase que será de Molly. Mais Molly, decidida a casar e divertida pola xogada de Edward, séguelle a pista a través de distintos lugares de Asia.

Premio á Mellor Dirección en Cannes 2024

ABRIL

Luns 7 **ELES NÃO USAM BLACK-TIE**

(Leon Hirszman, 1981
Brasil, 112 min., VOSE)

Martes 29 **VERMIGLIO**

(Maura Delpero, 2024
Italia, 119 min., VOSE)

Luns 28 **ABC DA GREVE**

(Leon Hirszman, 1990
Brasil, 85 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



GRAND TOUR

MIGUEL GOMES

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #235

14.2025

GRAND TOUR NOTAS DO DIRECTOR

Empecei a configurar o filme na véspera da miña voda. Estaba a ler un libro sobre viaxes titulado *O cabaleiro do salón*, de Somerset Maugham. En dúas das súas páxinas, Maugham describe un encontro cun inglés residente en Birmania. Este home fuxira da súa prometida a zonas afastadas de Asia antes de ser atopado e embarcarse nun matrimonio próspero. Basicamente, era unha historia que xogaba con estereotipos universais: a obstinación feminina sobrepoñíase á covardía masculina. A viaxe do noivo seguía o roteiro do gran tour. A principios do século XX, o gran tour asiático, que comezaba nunha das cidades indias máis importantes do imperio británico e remataba no afastado oriente (China ou Xapón), era a viaxe máis cotizada da época. Moitos viaxeiros europeos aventuráronse a iso e algúns escribiron libros sobre a súa experiencia. Ao adoptar o enfoque xenérico do prometido fuxitivo que segue o roteiro do gran tour, decidimos non empezar a escribir o guión ata facer o gran tour nós mesmos. Gravamos a viaxe en 2020 e creamos un arquivo de imaxes e sons. Despois de visionar todo este material de arquivo, escribimos o guión. Ao contrario do que sucede normalmente en filmes nos que se traballa con material de arquivo, as imaxes que usamos pertencen ao presente e non ao pasado. O resto do filme, a rodaxe no estudio, que tivo lugar en Lisboa e Roma, reflicte o pasado. A historia desenvólvese en 1918. Os dous personaxes principais do filme cobren todo o amplo territorio porque se van entrecruzando. Edward foxe da súa prometida, Molly, e Molly persegue o seu prometido, Edward. En esencia, o filme constrúese coas aventuras que viven Edward e Molly durante a súa viaxe. Estas mostran a interacción virtual que hai entre ambos na sinfonía dun desfacemento causado por outras persoas durante o camiño e polo estoupido do caos no mundo. Tal e como sucede nas comedias de enredo americanas dos anos trinta e corenta, a muller é a cazadora e o home, a presa, pero a ambos os personaxes sepáraos o espazo e o tempo do filme. Co cambio do enfoque masculino ao feminino, esta comedia convértese nun melodrama. Hai varios grandes tours nesta longametraxe. Por unha banda, está o tour xeográfico que se observa nas imaxes da Asia contemporánea, que casan coa viaxe que seguen os personaxes na Asia imaxinaria rodada no estudio. Por outro, está o gran tour emocional que viven Edward e Molly, cada un á súa maneira: ambos se moven nun territorio emocional, que é igual de vasto que o que percorren fisicamente. Por riba de todo, está o tour inmenso que reúne o que está dividido: países, xéneros, épocas, realidade e imaxinación; o mundo e o cinema. Convido encarecidamente os espectadores e espectadoras a penetraren neste último gran tour. Creo firmemente que o cinema vai disto.

GRAND TOUR ENTREVISTA A MIGUEL GOMES

Por Jaime Pena

No press-book do filme afirmabas que ten algo de *screwball comedy*, no sentido de que invertes a estrutura típica do melodrama ao converter a muller en cazadora e o home en presa. Desde esta perspectiva, aínda que o filme ten elementos de novela romántica de amores imposibles, este intercambio de roles fai que apostes claramente pola comedia.

Para min é moi importante que os filmes comecen cando comezan e que, ao rematar, suceda algún tipo de movemento. Non me refiro a esa historia dos arcos narrativos que os *script-doctors* lle venden á industria do cine. Refírome a que o filme non pode estar tocando sempre a mesma tecla do piano, que é algo que ás veces me aborrece do cinema contemporáneo, no que hai un *mood*, un *look*, imos utilizar palabras en inglés, que é constante, como se se decidise por adiantado o que o filme vai ser. Creo que a razón pola que entro en procesos tan orgánicos nos que non controlo inicialmente as cousas é para que sexa o proceso o que me leva ao resultado final. Pode que por iso me guste contrariar a idea de facer un cinema moi racional, onde as cousas obedecen a parámetros que non mudan. No caso que me dis, ese paso do melodrama á comedia é para min moi importante porque implica que hai un movemento que fai que os filmes se vaian transformando. Ás veces critícanse algúns filmes porque non pasa nada, mais eu atópome con outros nos que hai cincuenta planos en dez segundos e non pasa nada, o único que acontece é que se salta dun plano a outro sen que se nos leve a outra parte. Por iso, a cuestión non é facer cincuenta planos en dez segundos senón imprimir o movemento. Tamén me desagrada esa idea do cinema contemplativo, por máis que pode haber filmes contemplativos interesantes, mais tamén penso que se pode caer na caricatura. Un plano de cinco minutos non ten por que ser bo, pode ser pésimo. O movemento non ten que ver nin co ritmo nin coa duración dos planos, senón con como viaxa o espectador, como pasa dun sitio para outro, como xorde un personaxe ou un sentimento nunha determinada escena e iso destrúe ou cambia completamente o anterior. Iso é o movemento dun filme. E nesa estrutura bipartita, primeiro o home, e logo a muller, hai movemento en cada unha das partes e un desexo de mudar a perspectiva. Con este cambio de perspectiva tamén cambia o ton do filme e lévao a outro lugar.